Galicia Encantada



Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A balea xigante de San Cibrao

> «Apousentouse no mar de San Cibrao unha balea tan grande e poderosa que non houbo baleeiro que ousase achegarse co arpón. Cando movía a cola erguíanse ondas inmensas e os seus bramidos oíanse dúas leguas terra dentro».
>
> Álvaro Labrada (seud. de Álvaro Cunqueiro), *San Gonzalo*, 1945, p. 152.

En tempos do bispo San Gonzalo de San Martiño de Mondoñedo, en Foz, apareceu nas costas de San Cibrao unha balea xigante. A balea bruaba tan forte que se sentía a moitas leguas de distancia, e provocaba ondas tan enormes que ningún mariñeiro ousaba ir ao mar. O seu tamaño, fóra do común, facía que a súa cola erguese ondas tan altas que pasaban por riba da Atalaia.

A xente estaba atemorizada e os baleeiros da bisbarra non ousaban saír ao mar para capturala co medo que tiñan. Só as campás da igrexa acougaban a furia da balea e cando repicaban achegábase á praia e disque falaba na súa propia lingua, con moito amor e dozura.

Foi necesaria a intervención dun santo bispo. Non ben puxera o pé na praia da Caosa cando a balea se presentou alí, aínda que sen varar na area, e falou naquela lingua estraña con Gonzalo, o bispo de San Martiño,

que parece que entendeu a súa mensaxe.

Mentres a balea regresaba ao mar, o bispo pediu que lle axudasen, que precisaba unha barca e un barqueiro mais só un mozo duns quince anos tivo valor para acompañalo.

Xa en alta mar, cando a barca estivo a carón do monstro, a balea abriu a boca e Gonzalo non dubidou en meterse dentro do seu ventre.

Pouco despois o bispo saíu cunha imaxe da Virxe nas mans, a balea arredouse e nunca máis se soubo dela.

A imaxe da Virxe parece ser que é a que aínda se venera hoxe na igrexa parroquial de San Román de Vilaestrofe.

BIBLIOGRAFÍA

CUBA, Xoán R., MIRANDA, Xosé e REIGOSA, Antonio (1999): Diccionario dos seres míticos galegos[Balea xigante de San Cibrao], Xerais, Vigo.

REIGOSA, Antonio (2020): Cen historias máxicas pola Mariña encantada. Ed. Lar, Viveiro.

REIGOSA, Antonio (2022): Lugo de lenda. Ed. Embora, Ferrol.